

DATA DE  
RECEPCIÓN:  
08/04/2014

DATA DE  
ACEPTACIÓN:  
05/05/2014

## *O álbum na literatura infantil e xuvenil (2000-2010)*

Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira

Rodríguez (coords.)

Edicións Xerais de Galicia / Fundación Novacaixagalicia

2011, 431 pp.

ISBN: 978-84-9914-295-1



**Mónica Álvarez Pérez**

Universidade de Santiago de Compostela  
monica.alvarez3@gmail.com

155

RECENSIONES / RESEÑAS / REVIEWS

Nas últimas décadas o álbum ilustrado vén ocupando un papel relevante no ámbito da investigación en Literatura Infantil e Xuvenil, converténdose nunha das «modalidades literarias» máis estudadas polos especialistas, non só polas súas peculiaridades discursivas —en referencia á linguaxe híbrida que resulta do diálogo entre o texto e a ilustración—, senón tamén polas potencialidades do mesmo de cara á formación literaria e artísticas de lectores competentes.

Obxecto, por tanto, de numerosos estudos e considerado como unha modalidade editorial de grande éxito e presenza no conxunto da produción destinada á infancia, non é de estrañar que os membros da Rede Temática de Investigación “Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano” (LIJMI), dean continuidade á súa serie de monográficos, iniciados no ano 2005 e publicados por Edicións Xerais de Galicia, cunha nova incorporación que, baixo o título *O álbum na Literatura Infantil e Xuvenil (2000-2010)*, reúne un conxunto de traballos sobre a investigación e a análise do álbum ilustrado no período que vai dende 2000 a 2010, partindo de presupostos teóricos e metodolóxicos actuais.

Álvarez Pérez, Mónica (2014).  
*O álbum na literatura infantil e xuvenil (2000-2010)* (2011),  
*Elos. Revista de Literatura Infantil e Xuvenil*, 1, "Recensiones", 155-158. ISSN 2386-7620

Trátase dun volume colectivo coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez, que se abre con dous estudos teóricos que afondan nas características definitorias textuais e plásticas desta modalidade literaria, facendo fincapé na especial interrelación que se establece entre o texto e a imaxe.

No primeiro dos estudos, intitulado «Apontamentos para una poética do álbum contemporáneo», a profesora Ana Margarida Ramos, da Universidade de Aveiro, ofrece unha interesante reflexión teórica sobre o álbum, apoiándose na abundante bibliografía teórica dispoñíbel, que lle serve de base para a súa caracterización como “tipo editorial” multimodal con autoría compartida por escritor e ilustrador, cunha linguaxe híbrida de texto e imaxe e un dobre narrador (verbal e visual) que recrea universos variados. Tamén dá conta da evolución do álbum dende os seus inicios na década dos anos sesenta do século XX, coa posmodernidade e o desenvolvemento das artes gráficas, ata a actualidade, diferenciando o libro ilustrado do álbum. Ademais ofrece un exhaustivo panorama da produción desta modalidade literaria nos ámbitos portugués e galego, principalmente dende os anos noventa, describindo a súa evolución e as principais tendencias e salientando o labor de Kalandraka Editora, que abriu un espazo para a súa consolidación, alcanzando outros ámbitos lingüísticos do Estado español. Por último, partindo das características do álbum moderno e das principais tendencias seguidas na actualidade, achega unha interesante proposta de clasificación en tres tipos: narrativos, con imaxe ou imaxe e texto (en prosa ou poéticos); poéticos ou líricos; e portafolio ou catálogo.



O segundo estudo teórico, «Estratexias da produción artística na construción dos álbums. Ilustración e correntes artísticas do século XX», de María Jesús Agra e Carmen Franco, ambas as dúas profesoras da Universidade de Santiago de Compostela, versa sobre a importancia de educar a mirada e o gusto estético da nenez a través da ilustración, incidindo na importancia que o álbum ten na consecución dese obxectivo. As estudosas, despois de apuntar brevemente cuestións históricas sobre o pasado da ilustración, describen as diferentes técnicas artísticas máis empregadas, como son o debuxo, a pintura (acuarela, acuarelas líquidas, tintas, gouache, acrílico, óleo, pastel), a colaxe ou técnica mixta, a fotografía, o modelado, as técnicas de impresión (madeira e linóleo, serigrafía, augaforte, monotipos) e as técnicas dixitais con ordenadores. Despois, tomando como exemplo álbums de calidade recoñecida, analizan a narrativa visual do álbum infantil publicado no século XXI, identificando as principais correntes pictóricas contemporáneas e as afinidades existentes entre as creacións dos ilustradores e ilustradoras actuais con destacados artistas do século XX como Picabia, Marcel Duchamp,

Max Ernst, Marc Chagall, Joan Miró, Paul Klee, René Magritte ou Henri Matisse, entre outros. Por último, salientan a importancia do álbum como medio para aproximar a Arte á infancia ao introducila na linguaxe visual e na multiplicidade de lecturas, axudando ao desenvolvemento da imaxinación e ao gusto pola Arte e a Literatura.

A seguir ofrécense dúas seleccións de álbums para contribuír á educación literaria, ao fomento do hábito lector e ao desenvolvemento da competencia literaria. A primeira delas, «Unha selección de álbums inesquecibles», a cargo de M<sup>a</sup> del Carmen Ferreira Boo, da Universidade de Santiago de Compostela, achega doce obras canónicas de distintos ámbitos lingüísticos, seleccionadas polos membros de LIJMI, que son claro referente nesta modalidade literaria; de feito a estudosa Ana Margarida Ramos no seu estudo fai mención a algúns deles, como é o caso de *Historia de babar, o pequeno elefante* (*Historie de Babar le petit éléphant*, 1931), de Jean Brunhoff; *Pequeno Azul e Pequeno Amarelo* (*Little Blue and Little Yellow*, 1965), de Leo Lionni; *Un globo vermello* (*Il palloncino rosso*, 1967), de Lela Mari; ou, *Onde viven os monstros* (*Where the wild things are?*, 1963), de Maurice Sendak. Deste xeito, á reflexión máis teórica sobre o álbum, súmaselle unha proposta de canon, ofrecendo a ficha bibliográfica da edición orixinal, os premios recibidos, a indicación das traducións ás linguas dos ámbitos da Rede LIJMI e un descriptor das narrativas visual e textual das contribucións máis importantes que axudaron na configuración do álbum infantil como unha modalidade literaria de relevancia no ámbito editorial.

A segunda, «Unha selección para a educación Literaria», consensuada polos membros de LIJMI, acolle as fichas bibliográficas e os descritores de sesenta e catro álbums do marco ibérico e iberoamericano e doutros ámbitos lingüísticos, ordenados alfabeticamente por nome de autor e publicados entre 2000 e 2010, nos que se poñen de relevo tanto os aspectos argumentais máis destacados como as súas características máis relevantes, co obxectivo de darlles a coñecer aos mediadores obras de calidade, óptimas para o desenvolvemento de actividades encamiñadas á formación literaria dos máis novos.

Ademais, coa finalidade de orientar o mediador á hora de crear hábito lector, afrontar a lectura e o traballo con álbums no seu labor educativo, ofrécese un apartado intitulado «Comentarios para a formación lectora», que complementa as dúas seleccións xa que achega un total de trinta comentarios críticos de obras de calidade incuestionable, vinte do ámbito ibérico, oito do ámbito iberoamericano e dous, recollidos baixo o epígrafe «Álbums noutras linguas», nos que se analizan catro títulos publicados en inglés. Cada un deles inclúe a cuberta, un pequeno resumo no que se destacan os sinais definatorios do álbum seleccionado e o comentario que inclúe

unha breve presentación do álbum elixido subliñando, nalgúns casos, as traducións existentes e os premios cos que foi galardoado e as traxectorias profesionais do escritor e ilustrados, debido a autoría compartida. Na análise tómase como referente o esquema proposto por Ana Margarida Ramos, reparando no deseño gráfico, nos paratextos, no tipo de relacións que se establecen entre texto e imaxe, ademais de atender a cuestións máis específicas referidas á «gramática do álbum» (análise léxica, semántica, morfolóxica e sintáctica). Deste xeito os álbums inclúense dentro da tipoloxía ofrecida pola investigadora no estudo xeral, achegando exemplos tanto de álbums narrativos, coma poéticos ou os nomeados como portafolios.

Finalmente, o monográfico péchase cunha «Selección de bibliografía sobre o álbum», realizada por Ivonne Lonna, da Universidade Iberoamericana Ciudad de México, Carina Rodrigues, da Universidade de Aveiro, e Isabel Soto, da Universidade de Santiago, na que se reúnen as fichas bibliográficas, acompañadas dun breve descritor dos contidos e das ideas principais, de estudos, monografías, revistas etc que analizan e atenden esta modalidade literaria en auxe na actualidade. Sen dúbida, unha información básica e fundamental para quen queira profundar no estudo do álbum.

158

Cabe sinalar que para ilustrar o tránsito entre os apartados do monográfico ofrécense os deseños artísticos realizados pola profesora Carmen Franco Vázquez. Outro elemento a salientar é a diversidade lingüística que presenta o volume pois, ao igual cós anteriores monográficos da Rede LIJMI, cada un dos traballos incluídos ofrécense na lingua de procedencia ou de elección dos autores, co obxectivo de dar a coñecer as linguas do marco ibérico e iberoamericano, agás os orixinais vascos, que se presentan traducidos ao galego pola dificultade de comprensión que ofrece esta lingua non románica.



En definitiva, trátase dun rigoroso estudo multilingüístico e multicultural que aborda o feito literario cunha clara intención de favorecer o enfoque comparatista na análise do álbum nas literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico e iberoamericano, dende marcos teóricos, críticos, lingüísticos e xeográficos diversos, e que completa e amplía a bibliografía teórica existente sobre esta modalidade literaria, á vez que serve de instrumento formativo para todos os mediadores entre o libro e a infancia e xuventude.